

# PROCEDIMIENTO DE ADMINISTRACIÓN DE MEDICACIÓN A TRAVÉS DA VÍA OFTÁLMICA

FEMORA

Procedimentos de enfermería: Administración de medicación



**DATA DE ELABORACIÓN:** 2022

**EDITA:** Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde.

Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

**LUGAR:** Santiago de Compostela

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Servizo de Integración Asistencial

**ANO:** 2022

**AUTORES:**

- **Basanta Basanta, Aida.** Enfermeira. Centro de saúde de Mondoñedo. XAS Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
- **Castro Murias, María del Mar.** Supervisora Medicina Preventiva Hospital Universitario Lucus Augusti. XAS Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
- **Jiménez Díaz, Lidia Raquel.** Enfermeira Hospital Universitario Lucus Augusti. XAS Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
- **Martínez López, Ángeles.** Supervisora Calidade Hospital de Monforte. XAS Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
- **Pérez Rodríguez, María Teresa.** Enfermeira Hospital de Monforte. XAS Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
- **Vázquez Martínez Ana.** Supervisora Calidade Hospital da Mariña. XAS Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

**REVISORES:**

- Beatriz Miño Fariña. TCAE de Traumatoloxía. Área Sanitaria A Coruña e Cee.
- Elena Rodríguez Aguiar. TCAE UCI de Coronarias. Área Sanitaria A Coruña e Cee.
- Yolanda Guisande Garrido. Enfermeira de Traumatoloxía. Área Sanitaria A Coruña e Cee.
- Asesoramento do Servizo de Medicina Preventiva do CHUAC

# PROCEDEMENTOS DE ENFERMERÍA

*Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:*

<https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Publicaci%C3%B3ns-da-Organizaci%C3%B3n>



*Xunta de Galicia 2022. Procedementos de enfermería*

*Esta obra distribúese cunha licenza Atribución–Non comercial–Compartirlgual 4.0 Internacional de Creative Commons (CC BY-NC-SA 4.0). Para ver una copia da licenza, visite:*

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/deed.gl>

***Este documento debe ser citado como:***

*Basanta A., Castro MM., Jiménez LR., Martínez A., Pérez MT., Vázquez A. Procedemento de administración de medicación por vía oftálmica. 2022.*

Santiago de Compostela 2022



XUNTA  
DE GALICIA

## Índice

XUSTIFICACIÓN.....	6
DEFINICIÓNS.....	6
ABREVIATURAS.....	7
PALABRAS CLAVE.....	7
OBXECTIVOS.....	8
Obxectivo xeral.....	8
Obxectivos específicos.....	8
ÁMBITO DE APLICACIÓN.....	9
Diagnósticos de enfermmería relacionados.....	9
Poboación diana.....	9
Profesionais aos que vai dirixido.....	10
DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO.....	10
Medios materiais.....	10
Procedemento.....	11
Observacións.....	14
Rexistros.....	16
Avaliación e seguimento.....	16
INDICADORES.....	16
RESPONSABILIDADES.....	17
BIBLIOGRAFÍA.....	17
Bibliografía referenciada.....	18
ANEXOS.....	20
ANEXO I: imaxes da correcta administración de fármacos oftálmicos.....	20

ANEXO II: identificación de colirios por colores.....	20
ANEXO III: administración de medicación oftálmica en nenos.....	21

# XUSTIFICACIÓN

A finalidade deste procedemento é elaborar un documento que sirva de guía para os profesionais sanitarios nas actuacións que deben levar a cabo no que atinxe á administración de fármacos por vía oftálmica, ao adestramento do paciente e aos cuidados no manexo dos dispositivos e dos aparellos necesarios. O que se pretende é que os profesionais administren de forma correcta a medicación oftálmica, de maneira que se reduza a variabilidade clínica incorporando as mellores prácticas na actividade asistencial.

A administración de medicación por vía oftálmica vai permitir previr e controlar a infección, aliviar a dor e a conxestión da conxuntiva, dilatar ou contraer as pupilas para algúns tratamentos ou exames, lubricar o ollo para evitar úlceras de córnea e outras complicacións e diminuír a inflamación.<sup>(1)</sup>



## DEFINICIÓNS

**Medicamento:** Sustancia que, administrada interior ou exteriormente a un organismo animal, serve para evitar, curar ou aliviar a enfermidade e corrixir ou reparar os danos desta. É un ou máis fármacos integrados nunha forma farmacéutica destinado para a súa utilización en persoas ou animais, mellorar o estado de saúde ou modificar estados fisiolóxicos.<sup>(2)</sup>

**Vía de administración:** Ruta de entrada ou medio polo que os medicamentos son introducidos no organismo.<sup>(2)</sup>

Administración de medicamentos: Darlle a unha persoa unha única dose de medicamento.<sup>(2)</sup>

**Administración de medicamentos por vía oftálmica:** Administración dun fármaco a nivel ocular, a través da instilación de colirios ou da aplicación de pomadas oftálmicas.<sup>(2)</sup>

**Pomada oftálmica:** Preparación semisólida destinada á súa aplicación sobre a conxuntiva.<sup>(3,1)</sup>

**Colirio oftálmico:** Solución ou suspensión acuosa ou oleosa destinadas á instilación ocular.<sup>(3,1)</sup>

**Baños oculares:** Solución acuosa destinada a ser instilada ou aplicada no ollo, habitualmente para o lavado ocular.

**Saco conxuntival:** Espazo comprendido entre os pálpebras e o globo ocular.

**Fármacos oftalmolóxicos:** Son os que se utilizan para tratar a patoloxía dos ollos. Algúns son de uso exclusivamente oftálmico e outros son de uso xeral ou preparacións especiais de uso xeral específicas para os ollos.

**Pálpebras:** Son dúas estruturas que protexen o globo ocular pola súa parte anterior sen interferir na función visual.



## ABREVIATURAS

**GACELA:** xestión avanzada de coidados de enfermería liña aberta.

**NANDA:** *North American Nursing Diagnosis Association*

**TCAE:** técnico coidados auxiliares de enfermería



## PALABRAS CLAVE

Colirio, pomada oftálmica, vía oftálmica.



### **Obxectivo xeral**

- Unificar e coordinar as actuacións na administración de medicamentos por vía oftálmica.

### **Obxectivos específicos**

- Administrar con seguridade os fármacos a través da vía oftálmica.
- Empregar unha técnica aséptica para a administración dos fármacos vía oftálmica.
- Prever posibles complicacións derivadas da administración de fármacos por vía oftálmica.
- Proporcionar os coñecementos necesarios para aplicar correctamente colirios e pomadas oftálmicas, con fins diagnósticos, profilácticos e/ou terapéuticos.
- Educar a pacientes e familia respecto á correcta administración de medicamentos por vía oftálmica.





## ÁMBITO DE APLICACIÓN

### **Diagnósticos de enfermería relacionados**

#### **Diagnósticos NANDA<sup>(4)</sup>**

- 00004 Risco de infección.
- 00035 Risco de lesión.
- 00126 Coñecementos deficientes.
- 00132 Dor aguda.
- 00133 Dor crónica.
- 00161 Disposición para mellorar os coñecementos.
- 00182 Disposición para mellorar o autocoidado.
- 00219 Risco de sequidade ocular.
- 00245 Risco de lesión corneal.
- 00248 Risco de deterioro da integridade tisular.
- 00276 Autoxestión ineficaz da saúde.
- 00277 Autocoidado ineficaz do ollo seco.
- 00293 Disposición para mellorar a autoxestión da saúde.

#### **Poboación diana**

Este procedemento é de aplicación a todos os usuarios do Sergas que precisen a administración de medicación por vía oftálmica.

## **Profesionais aos que vai dirixido**

Este procedemento é de aplicación aos profesionais pertencentes á rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde

## **Ámbito asistencial de aplicación**

Este procedemento é de aplicación na rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde en todos os casos nos que o paciente precise administración de medicación por vía oftálmica.



## **DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO**

### **Medios materiais**

- Medicación prescrita.
- Gasas estériles.
- Luvas non estériles.
- Soro fisiolóxico.
- Batea.
- Apósito oftálmico (se procede).
- Bolsa para residuos.

## **Procedemento**

### **Antes da administración**

1. Comprobar a identidade do paciente, segundo o procedemento de aplicación no Servizo Galego de Saúde.
2. Respetar a intimidade do enfermo e gardar confidencialidade dos seus datos.
3. Informar ao paciente e/ou ao cuidador principal do procedemento a realizar e solicitarlle a súa colaboración, se é posible, recalcando a súa utilidade, usando unha linguaxe comprensible e resolvendo as súas dúbidas e temores. No caso de pacientes pediátricos explicarlles o procedemento aos pais.
4. Solicitar o seu consentimento de forma verbal, sempre que sexa posible.
5. Identificar aos profesionais sanitarios que van intervir no procedemento.
6. Seguindo os cinco principios da administración da medicación<sup>(2)</sup> verificar: fármaco, dose, vía, hora e paciente correcto. Asegurarse de que non existe contraindicación ou alerxia ao fármaco. Seguimento e monitorización de posibles reaccións alérxicas medicamentosas (RAM) ou efectos adversos (EA).
7. Identificar correctamente o ollo onde imos aplicar o tratamento, dereito (OD), ollo esquerdo(OE) ou ambos ollos (AO).
8. Comprobar a prescrición coa etiqueta do fármaco e que ambas as dúas estean claramente escritas. Verificar tamén a data de caducidade.<sup>(1,5,6,7)</sup> Non aplique ningún medicamento nos ollos se a etiqueta non indica especificamente para uso oftálmico.
9. Asegurar que todo o equipamento necesario estea á man.
10. É preciso que o persoal sanitario coñeza a duración e finalidade do tratamento para poder facilitar a adherencia do paciente ao mesmo

### **Preparación do paciente:**

11. Sentar ao paciente coa cabeza inclinada cara atrás ou ben deitado en decúbito supino e, se non hai contraindicación, co colo en leve hiperestensión.<sup>(1,5,6,7)</sup>
12. Lavado hixiénico das mans.<sup>(8,9)</sup>
13. Poñer luvas.

14. Retirar as próteses oculares e as lentes de contacto, se as tivese.
15. Se hai lagañas ou secrecións nos anexos oculares, limpalas suavemente cunha gasa impregnada en soro fisiolóxico. Para non introducir microorganismos no conduto lacrimal, limpe sempre desde o canto interno ao canto externo do ollo. Utilice unha gasa nova para cada pasada.<sup>(1,5,6,11)</sup>

### **Administración da medicación:**

16. Abrir e retirar o tapón do medicamento (sexan pingas ou pomada) colocando no peche unha gasa para evitar a súa contaminación, e deixar a tapa boca arriba para evitar a contaminación dos bordos. Anotar no frasco a data de apertura. Unha ampla porcentaxe deste envases están contaminados pola mala manipulación.<sup>(7)</sup>
17. Estirar suavemente a pel da pálpebra inferior como segue: coller unha gasa limpa e colocala sobre o pómulo do paciente (isto ha de facerse para que a gasa absorba o medicamento que reborde, de ser o caso) co dedo índice da man non dominante apoiado na gasa premer suavemente cara abaixo, de tal maneira que quede exposto o saco conxuntival. É importante indicarlle ao paciente que procure mirar cara a arriba para que se reduza o pestanexo.
18. Administre a medicación.
19. As vías de administración de fármacos en oftalmoloxía son:

Vía tópica: é a máis estendida, lévase a cabo mediante pingas, xeles ou unguentos. É ideal para o tratamento da patoloxía do segmento anterior, xa que os fármacos administrados deste xeito penetran adecuadamente na conxuntiva, a córnea e o iris. Sen embargo, é difícil conseguir concentracións adecuadas de fármacos na retina ou na coroides mediante esta vía. Por convenio, os tapóns dos botes de colirio teñen un código de cor para a súa rápida identificación e para evitar erros; así, os anestésicos teñen tapón amarelo, os midriáticos vermello, os mióticos verde, e o resto (antibióticos, lágrimas artificiais, etc.) branco. Anexo II.<sup>(6)</sup>

### **Instilación das pingas oftálmicas:**<sup>(1,5,6,11)</sup>

1. Desbotamento da primeira gota.
2. Coa man dominante descansando sobre a fronte do paciente, sosteña o contapingas ou o frasco co medicamento 1-2 cm por enriba do saco conxuntival.

Ao ter a man apoiada e o recipiente a esa distancia, prevéñense tanto os traumatismos como as infeccións.

3. Instile o medicamento no centro do fondo do saco conxuntival. Aplicar as pingas no saco conxuntival. Non facelo nunca directamente sobre a córnea para evitar molestias no paciente. Os medicamentos empregados para a lubricación da córnea e as pingas de anestesia local son a excepción a esta técnica, colócanse directamente enriba do ollo.
4. Cunha gasa, aperte firmemente sobre o conduto lacrimal durante 30-60 segundos. Deste xeito prevense o rebordo cara ás vías nasais e cara á farinx e a absorción á circulación sistémica.

#### **Administración da pomada oftálmica:**<sup>(1,5,6,11)</sup>

1. Desbote a primeira porción da pomada.
2. Coa man dominante, aplique unha tira fina e uniforme de pomada no saco conxuntival, desde o canto interno ao canto externo do ollo. Manteña unha distancia de 1-2 cm entre o tubo e o saco conxuntival, co fin de evitar os traumatismos e as infeccións.  
  
Ao chegar ao canto externo, xire levemente o tubo en sentido contrario (con iso facilítase o desprendemento da pomada); limpar cunha gasa a pomada sobrante
3. Pídalle ao paciente que peche as pálpebras con suavidade, pero sen apertalas. Así, o medicamento distribuirase uniformemente polo ollo.
4. Cando o tratamento é múltiple con administración de diferentes colirios á mesma hora, a administración de cada un deles debe realizarse polo menos cun intervalo de 5 minutos. Indicar ao paciente que pestanexe e non realizar lavado de ollos entre as aplicacións.
5. Retirar o que sobre da medicación cunha gasa (sempre dende o canto interno ao canto externo do ollo).
6. Colocar un apósito oftálmico se está indicado.
7. Cerrar o frasco asegurando unha técnica aséptica para evitar a contaminación.
8. Axudarlle ao paciente a adquirir a postura cómoda.
9. Recoller o material empregado e proceder a súa limpeza ou eliminación no contedor adecuado.

10. Quitar as luvas e realizar un lavado hixiénico das mans.

## Observacións

- Anticiparse e tomar as medidas necesarias para previr os movementos rápidos e inesperados do paciente durante a administración do fármaco e, no caso dos nenos, pedir a colaboración dos titores para inmovilizalos.
- Verificar a existencia de incompatibilidades medicamentosas que contraindiquen a administración dalgún dos fármacos.
- Vixiar e, no caso de pacientes ambulantes, informar da necesidade de comunicar calquera signo relacionado coas posibles complicacións (próido, dor, visión borrosa ou dobre...) ao profesional sanitario encargado do seguimento do proceso.
- Se é a primeira vez que se administra un medicamento hai que estar alerta, en especial nos casos de hipersensibilidade coñecida a outros fármacos.
- Desbotar a primeira gota ou porción de pomada antes de instilar o tratamento.
- Se nalgún momento se toca o ollo co aplicador do medicamento, hai que consideralo contaminado e desbotalo.
- As pingas oftálmicas deben aplicarse antes que as pomadas. O ideal sería esperar 5 minutos para favorecer que as pingas se absorban.<sup>(1,5,6,11)</sup>
- Cando sexa necesario instilar pingas de varios colirios, administraranse con polo menos cinco minutos de diferenza, pois se se administran seguidos as segundas lavan as primeiras e non son efectivas.
- Seguir en todo momento unha técnica aséptica, xa que os colirios se contaminan con facilidade.
- Empregar sempre material distinto para cada ollo.
- Unha vez aberto o envase, considérase contaminado. Será de uso exclusivo para o doente e debe estar correctamente identificado.
- No caso de colirios que se conserven na neveira, hai que quentalos entre as mans antes de administrar ata que alcance a temperatura ambiente.

- Cando se administren fármacos que produzan efectos sistémicos, aplicarase unha leve presión sobre o conduto nasolacimal durante 30-60 segundos para evitar o seu paso e absorción pola mucosa nasal.
- Anotar no envase a data de apertura e verificar o período de caducidade unha vez aberto, o que dependerá do tipo de colirio. Resgardalo da luz e calor excesivo
- Desbotar as pingas descoloradas ou con borra.
- Vixiar a presenza de avermellamento, próido, visión borrosa persistente ou diminución da agudeza visual.
- O saco conxuntival ten capacidade para 1-2 pingas, polo que a instilación de máis medicamento é de dubidosa eficacia.
- Manter ben pechados os colirios e as pomadas logo de utilizalos.
- Non aplicar nunca presión directa sobre o globo ocular, xa que se poden producir graves danos.
- As pomadas oftálmicas deben administrarse en último lugar.
- A medicación ocular concomitante debe administrarse 5 minutos antes da instilación de bágoas artificiais.

#### ENSÍNELLE AO PACIENTE/FAMILIA:

- Que, tras a administración da pomada oftálmica, así como con certos colirios, a súa visión permanecerá borrosa durante uns instantes.
- A administrarse a medicación. A non tocar o ollo co aplicador do medicamento.
- A manter a medicación nun lugar seco e con baixa iluminación.
- A non empregar nunca o mesmo medicamento de outros pacientes ou familiares.
- Os posibles efectos secundarios dos medicamentos oculares inclúen: cefalea, falta de concentración, sequidade, irritación, alerxia, desorientación, confusión mental, dificultade para respirar e alucinacións.
- A hiperestension do pescozo para a aplicación dos medicamentos oftálmicos está contraindicada en pacientes con lesión de columna cervical.

## Rexistros

- Realizaranse no aplicativo informático GACELA, na Historia Clínica electrónica, na folla de enfermería ou en calquera outro sistema de rexistro co que conte a unidade.
- Deberase anotar o medicamento administrado, a dose, a hora e a resposta do paciente, así como os eventos adversos e/ou os efectos secundarios se os houberse. No caso de non administrar algún medicamento, indique o motivo.
- Rexistrar no plan de cuidados do paciente as accións derivadas do procedemento.

## Avaliación e seguimento

Este documento será actualizado no prazo de cinco anos (2027) ou cando a evidencia científica poida afectar o recollido no procedemento.



**Numerador:**

Número de pacientes coa medicación oftálmica correctamente administrada

**Denominador:**

Número de pacientes con medicación oftálmica pautada

**Numerador:**

Número de pacientes/familiares que coñecen a técnica de administración de medicación oftálmica á alta

**Denominador:**

Número de pacientes con medicación oftálmica pautada á súa alta



**Numerador:**

Número de pacientes que presentaron algún efecto adverso tras a administración de medicación oftálmica

**Denominador:**

Número total de pacientes con medicación oftálmica pautada



## RESPONSABILIDADES

As accións derivadas da posta en práctica deste procedemento son responsabilidade do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde. A dispoñibilidade do procedemento e das ferramentas necesarias para a súa aplicación na práctica asistencial son responsabilidade da dirección do centro sanitario.



## BIBLIOGRAFÍA

**REFERENCIAS**

Edición 01 Procedemento de administración de medicación oftálmica Femora 2013

Edición 02 Procedemento de administración de medicación oftálmica Femora 2016


## Bibliografía referenciada

1. Botella Dorta, C. Administración de medicamentos por vía oftálmica. [sede web]. A Coruña: Fisterra.com; 2011. [Actualizada el 15 de setembre de 2011; acceso 21 de marzo de 2022]. Disponible en: <https://www.fisterra.com/ayuda-en-consulta/tecnicas-atencion-primaria/administracion-medicamentos-por-via-oftalmica/>
2. Manual de enfermería Pisa. Editorial Panamericana. Capítulo IV. Procedimientos de enfermería más frecuentes en el Proceso asistencial. [sede web]. México, pisa.com. 2011. [Acceso el 21 de marzo de 2022]. Disponible en: [https://www.pisa.com.mx/publicidad/portal/enfermeria/manual/4\\_1\\_2.htm](https://www.pisa.com.mx/publicidad/portal/enfermeria/manual/4_1_2.htm)
3. Diccionario médico de términos. Real Academia de Medicina España. Disponible en: <https://dtme.ranm.es/index.aspx> Última consulta: 28/01/2022.
4. Diagnósticos de enfermería NANDA NIC NOC 2021-2023. [sede web] diagnosticosnanda.com. 2021. [Actualizada 2021; acceso 2 de marzo de 2022]. Disponible en: <https://www.diagnosticosnanda.com/>
5. Flórez Almonacid, C.I. Romero Bravo, Ángela. RT 13. Administración de medicación por vía oftálmica. Manual de protocolos e procedimientos xerais de enfermería. Hospital Universitario Reina Sofía. [sede web]. Junta de andalucia.es, 2010. [Actualizada 27 de outubro de 2010; acceso 21 de marzo de 2022]. Diponible en:  
  
[https://www.sspa.juntadeandalucia.es/servicioandaluzdesalud/hrs3/fileadmin/user\\_upload/area\\_enfermeria/enfermeria/procedimientos/procedimientos\\_2012/rt13\\_admon\\_medificacion\\_oftalmica.pdf](https://www.sspa.juntadeandalucia.es/servicioandaluzdesalud/hrs3/fileadmin/user_upload/area_enfermeria/enfermeria/procedimientos/procedimientos_2012/rt13_admon_medificacion_oftalmica.pdf)
6. Ortiz Pérez S. Editorial Thea. Manual de enfermería oftálmica. [sede web] laboratoriossthea.com [Último acceso 21 de marzo de 2022]. Disponible en: [https://www.laboratoriossthea.com/medias/manual\\_de\\_enfermeria\\_texto\\_2.pdf](https://www.laboratoriossthea.com/medias/manual_de_enfermeria_texto_2.pdf)
7. Gómez Borgoños J.L. Máster Universitario de Enfermería oftalmológica. Trabajo fin de máster "Cuidados enfermeros en urgencias oftalmológicas por traumas oculares". [sede web]. Valladolid, 2019, uvadoc.uva.es [Edición 2019, acceso 21 de marzo de 2022]. Disponible en:

[https://uvadoc.uva.es/bitstream/handle/10324/38268/TFM-H457.pdf?  
sequence=1&isAllowed=y](https://uvadoc.uva.es/bitstream/handle/10324/38268/TFM-H457.pdf?sequence=1&isAllowed=y)

8. Manual técnico de referencia para la higiene de manos OMS. Suíza, who.int, 2009. Traducción Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, 2010. [sede web] [Actualizado 2010, acceso 3 de marzo de 2022]. Disponible en: [https://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/102537/WHO\\_IER\\_PSP\\_2009.02\\_spa.pdf](https://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/102537/WHO_IER_PSP_2009.02_spa.pdf)
9. WHO. Higiene de las manos: por qué, cómo, cuándo? [sede Web] Suíza, who.int, 2012. [Edición 2012; acceso 2 de marzo de 2022]. Disponible en: [https://www.who.int/gpsc/5may/tools/ES\\_PSP\\_GPSC1\\_Higiene-de-las-Manos\\_Brochure\\_June-2012.pdf?ua=1](https://www.who.int/gpsc/5may/tools/ES_PSP_GPSC1_Higiene-de-las-Manos_Brochure_June-2012.pdf?ua=1)
10. Children Minnesota. Pingas para os ollos. [internet] Acceso el 21 de marzo de 2022. Disponible en:  
[https://www.childrensmn.org/educationmaterials/childrensmn/article/17120/  
gotas-para-los-ojos/](https://www.childrensmn.org/educationmaterials/childrensmn/article/17120/gotas-para-los-ojos/)
11. Marín Morales A, Bonilla Manchola A, Rojas Marín Z, Guarnizo Tole M. Manual para la administración de medicamentos desde el proceso de atención de enfermería. Un enfoque para la seguridad del paciente. Bogotá, Universidade El Bosque, Facultade de Enfermería. 2018. [Internet] [Edición 2018, acceso 20 de Abril de 2022]. Disponible en:  
[https://repositorio.unbosque.edu.co/bitstream/handle/  
20.500.12495/4404/9789587391114.pdf?sequence=1&isAllowed=y](https://repositorio.unbosque.edu.co/bitstream/handle/20.500.12495/4404/9789587391114.pdf?sequence=1&isAllowed=y)
12. Grupo de trabajo de elaboración de procedimientos de Atención Primaria de Lugo. Procedemento de Administración de medicación vía oftálmica. [sede web] Santiago de Compostela, femorasergas.es, 2016. [Edición 2016, acceso 20 de abril de 2022]. Disponible en: <https://femora.sergas.gal/Administracion-de-medicacion/Documents/74/66.%20Procedemento%20de%20administracio%CC%81n%20de%20medicamentos%20por%20vi%CC%81a%20oftalmica.pdf>

**ANEXO I: imaxes da correcta administración de fármacos oftálmicos.**



Imaxe do portal Femora<sup>(12)</sup>

**ANEXO II: identificación de colirios por cores**



Figura 1. Diferentes botes de colirios con su código de color identificativo.

● Anestésico ● Midriático ● Miótico ○ Otros

### **ANEXO III: administración de medicación oftálmica en nenos<sup>(11)</sup>**

- Coloque ao neno en posición supina ou decúbito dorsal, coa cabeza estendida (sen almofada), e pídalle que mire arriba. Cunha man tiramos da pálpebra cara abaixo e a man que suxeita o goteiro apóiase na cabeza. Desta maneira a man do goteiro moverase coa cabeza do neno e reduciranse as posibilidades de causar traumatismos.
- Formaremos un pequeno saco na conxuntiva, tirando da pálpebra inferior cara abaixo, nel administramos a medicación, non sobre o globo ocular<sup>(10)</sup>.
- Cérranse con suavidade as pálpebras para evitar a expulsión do medicamento e pedimos ao neno que mova o ollo en todas direccións para que se distribúa o fármaco axeitadamente.
- Limpamos o exceso de medicación do ángulo interno a o externo, a fin de evitar a contaminación do ollo.
- A aplicación de presión cos dedos no lacrimal do ángulo interno da pálpebra durante un minuto evita a drenaxe do medicamento cara a nasofarinxe e con ela, o " sabor" desagradable do medicamento.
- A instilación do medicamento oftálmico en lactantes é a que reviste maiores dificultades, xa que é frecuente que cerren as pálpebras e a s aperten con forza; unha solución consiste en colocar las pingas no ángulo interno, no punto en que se unen as pálpebras. O fármaco acumúlase nesa área e cando o neno abre as pálpebras, flúe cara a conxuntiva.
- No caso de nenos de corta idade soe resultar útil aplicar a táctica xogando. Dícímoslle que manteña os ollos pechados mentres contamos ata tres, e xusto nese momento ao abrir, instilamos as pingas.
- Tamén se pode instilar o medicamento cando o neno está durmindo.

<b>Servizo Galego de Saúde</b>	
<b>Asistencia Sanitaria Procedemento</b>	<b>119 D</b>



SERVIZO  
GALEGO  
DE SAÚDE

 Xacobeo 21-22